

O mundo está roto pero pódese camiñar

un espectáculo
infantil
para toda a
familia

Autor: Harkaitz Cano
Versión galega: Cándido Pazó
Dirección: Fernando Bernués

Con:
Paula Pier
Susana Sampedro
Salvador del Río



Unha **nena** que perdeu prematuramente a súa nai e, desde entón, está enfadada co mundo.

Un **pai** que non sabe como romper o muro de incomunicación no que se encerrou a súa filla e argalla un curioso sistema: escribirlle mensaxes en avións de papel que lle lanza cada día desde o balcón e onde lle encomenda pequenas tarefas diarias como, por exemplo, ir devolver un libro á biblioteca.

Unha **bibliotecaria** amena e espilida que axuda á nena a descubrir o vínculo entre os libros e a vida, logrando establecer coa cativa unha relación lúdica, construtiva e inspiradora.

Moitos anos despois, a nena, agora escritora, voltará á biblioteca para contarnos aquela experiencia iniciática e sanadora.

O mundo está roto pero pódese camiñar
é a memoria do relato dunha reconciliación, coa vida e co seu pai, dunha nena de dez anos, ferida por unha perda traumática.




Máis tarde ou máis cedo prodúcese unha creba vital e emocional entre pais e fillos. No caso desta peza, a ausencia da nai desencadea unha fase que complica a comunicación entre un pai e a súa filla de dez anos. Aí é cando o pai bota man da literatura para restablecer as pontes rotas.



Obxecto da peza

O obxecto da peza é amosar a biblioteca como unha sucesión de xanela abertas ao mundo. Alén dun simple contedor de libros, a biblioteca reivindicase como un espazo de lecer poderoso que alarga a mirada e axuda a nos coñecermos e vivirmos mellor; un sementeiro infinito de historias que, ou ben nos vencellan a outras xeografías e épocas, ou ben nos levan a afondar no coñecemento das nosas contradicións e dilemas. A biblioteca é un personaxe máis, *hospital da alma* e territorio inexplorado, un espazo máxico; abeiro e, ao mesmo tempo, bosque no que perderse.

O argumento, a ruptura comunicativa entre pai e filla, irase cosendo a través do itinerario marcado por citas literarias, relatos breves e poemas que o proxenitor transmite á súa filla vicariamente, grazas á axuda da bibliotecaria. Así o mundo adulto ofrece o cabo dun fío do que a nena irá puxando para chegar ás súas propias conclusións.





Creación a tres bandas

Unha proposta escénica a cargo de tres compañías de xeografías afastadas (Valencia, Galiza e Euskadi) pero cun enérxico compromiso cultural e lingüístico común. A peza será representada nas catro linguas oficiais do Estado, partillando distintos labores de creación e aportando cada compañía roles esenciais en produción, dirección, iluminación, vestuario, escenografía, deseño gráfico, traducións...

A dramaturxia é de Harkaitz Cano, prestixioso autor vasco, vencellado para este proxecto coa compañía Tantaka e que se ocupará da versión orixinal en euskera e da correspondente en castelán. Dado que Contraproducións e Albena contan nos seus equipos con dous recoñecidos dramaturgos, Cándido Pazó e Carles Alberola farán as súas aportacións específicas nas respectivas versións galega e valenciana das que se farán cargo.

A peza contribúe ao desenvolvemento do teatro infantil e xuvenil. Propomos un espectáculo para un corte de idade con pouca oferta teatral. Unha peza que poden desfrutar nenos a partir de 8 anos pero tamén o público adulto.





O AUTOR

Harkaitz Cano (San Sebastián, 1975)

Máis coñecido como novelista (*La voz del Faquir*, *Twist*), publicou tamén coleccións de relatos (*Circo de inverno*, *El turista perpetuo*) e libros de poemas (*Compro oro*, *Gente que trabaja en los tejados*). Colaborou en prensa e traballou como guionista de radio, TV e cómic. A súa obra foi traducida a unha ducia de idiomas.

O DIRECTOR

Fernando Bernués Gambarte (Donostia-San Sebastián 1961)

Membro fundador de Tanttaka Teatroa, ten unha extensa e recoñecida traxectoria, sendo a día de hoxe un referente das artes escénicas. Entre os seus espectáculos figuran éxitos como *El Florido Pensil*, *La mano del emigrante*, *Novecento el pianista del océano*, *Paradero Desconocido*, *El hijo del acordeonista* ou a súa última creación *Mi hijo sólo camina un poco más lento*.



O mundo está roto pero pódese camiñar

texto
Harkaitz Cano

Versión galega
Cándido Pazó

con

Paula Pier (A nena)

Salvador del Río (O pai)

Susana Sampedro (A bibliotecaria)

Escenografía
Fernando Bernués

Iluminación
Ximo Olcina

Ilustracións proxectadas
Isabel Helguera

Axudante de dirección
Antonio Mourelos

Axudante de produción
Patricia Souto

Directora de produción
Belén Pichel

Dirección
Fernando Bernués

Distribución

BELÉN PICHEL

605263755

belenpichel@gmail.com

